

## E DE REPENTE: CHEGOU A PASTA!!!

*“...a extensión da rede de saneamento nas parroquias de Ou Viso, Vilar de Infesta, Santo Estevo de Negros, Cabeiro, Cedeira e o centro urbano de Redondela”.*

Descoñecendo o número de novos aboados a Aqualia, pero facendo as contas polo termo fixo de saneamento, sabemos que supoñen uns 1.000€/ano por cada 10 novas altas, ao que hai que engadir o importe por consumo.

Esta é a segunda parte do conto que non se conta, porque **o canon fixo de saneamento supón para a Aqualia máis de 800.000€**, que pagamos os usuarios, ao que se engade, segundo informe de intervención nos orzamentos pechados de 2013:

*“... existe un gasto de 173.364,16 € pola depuradora de Redondela e un gasto de 186.617,21 € polo servizo que presta a depuradora de Teis.” Supoñen 359.981,37€ máis.*

Lembrando que ademais están os ingresos por consumo, polo que **partimos de 1.200.000€ fixos; máis consumos. ¡NON ESTÁ MAL!**

A pesares dese “pequeno” rendemento que obtén a empresa adxudicataria de dito servizo, polo que se ve na noticia respecto do tramo urbano de Redondela, **entende o Sr. Alcalde e o seu equipo que esta empresa non ten a obriga, por contrato, de mellora e mantemento da rede existente.** ¿NON?. É dicir, non só se lle levan adxudicado contratos de reparación, pagados con cartos do Concello, senón que ademais facilítase que estes “pobriños” metan para a súa buchaca máis de 100€ por novo aboadado (mínimo) limpos de polvo e palla.

*“No centro urbano de Redondela, renovarase a rede de saneamento e abastecemento da rúa Espírito Santo; en concreto cambiaranse as antigas tubaxes de formigón e fibrocemento, e dotarase a esta zona de redes de baixa tensión e comunicacións ata agora inexistentes.”*

**Este servizo, PRIVATIZADO POLA ANTERIOR CORPORACIÓN** remata o prazo do contrato:

- *Data de contratación: sete de novembro de mil novecentos noventa e tres.*
- *Prazo: vinte cinco anos contados dende a data de comezo do contrato.*
- *Non constan prórrogas.*

Polo cal, **remata no 2018, “NO PRÓXIMO MANDATO”.** Cousa que **dende AER levamos anos analizando e que nas vindeiras eleccións municipais a cidadanía deberá ter presente a quen lle concede a capacidade de negociar e decidir sobre que facer con este servizo “PÚBLICO”.**

Outro servizo público sobre o que tamén haberá que tomar decisións é o da piscina de Chapela.

Así que vostedes, cidadanía de Redondela, non perdan de vista o tipo de decisións que haberá que adoptar desde o goberno do Concello, e procuren non verse despistados por tanta festa e inauguración (que terá costes de mantemento) nun **Concello que ten o privilexio de estar entre os últimos en inversión social por habitante.**

E aquí vai a despedida: Sr. Alcalde, vistas tantas obras para este fin de lexislatura **(nos outros tres anos disque non había cartos)**, non esqueza que vostede está aí para xestionar e non para sacarse fotos, e non esqueza que contratou unha secretaria para “coordinar” e non a contratou como fotógrafa.

PD: Xa que están a rematar o que iniciou D. Xaime Máximo Rei, invítarano ás inauguracións?. En catro anos déronlle vostedes un xiro de 360º a este Concello.

<http://galego.farodevigo.es/comarcas/2014/12/30/redondela-destina-medio-millon-euros/1157660.html>